

Resolución pola que se acorda a desistencia do procedemento de selección CONCURSO PÚBLICO DE MÉRITOS 1/2024 PARA COLABORAR EN ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN MEDIANTE CONTRATO EN RÉXIME TEMPORAL das prazas: 2023- PO057.00 e 2023- PO057.01 “Bioeconomía forestal e manexos de auga como revulsivo para a reactivación das comarcas do nordés de Granada”

FEITOS

PRIMEIRO: Por resolución da xerencia da Universidade de Santiago de Compostela (USC) do 28 de decembro de 2021 se convoca o Concurso público de méritos, para a contratación de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i, través do procedemento de contratación ordinaria.

SEGUNDO: Na relación de prazas ofertadas na Convocatoria pública 1/2024 figuran as seguintes prazas con referencia:2023-PO057.00 e 2023-PO057.01:

REFERENCIA DA PRAZA: 2023-PO057.00

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Denominación	Bioeconomía forestal e manexos de auga como revulsivo para a reactivación das comarcas do nordes de Granada <i>Contrato ao abeiro da convocatoria de subvencións para o apoio a proxectos transformadores para a promoción da bioeconomía ligada ao ámbito forestal e á contribución á transición ecolóxica no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU para o exercicio 2023</i> Esta actividade está pendente de dotación orzamentaria polo que a adxudicación e formalización do contrato queda condicionada á existencia de crédito
Centro de Traballo	Escola Politécnica Superior de Enxeñaría
Investigador principal	GUAITA FERNANDEZ, MANUEL
Membros da Comisión Especializada de Selección	Presidente/a: GUAITA FERNANDEZ, MANUEL Secretario/a: ORTIZ SANZ, JUAN PEDRO Vogal: LOPEZ VILLAR, MARIA JOSE
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS	
Tipo de contrato	Contrato asociado á execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Avaliación de múltiples produtos estruturais de madeira segundo normas UNE/EN correspondentes.
Funcións a realizar	Clasificación visual de madeira aserrada de frondosas e coníferas segundo UNE 56546:2022 e UNE 56544:2022, e asignación de clase resistente segundo UNE EN 1912:2012/AC:2013. Realización de ensaios mecánicos de madeira laminada de flexión segundo EN 408, e de cortante e delaminación nos planos de encolado segundo UNE EN 14080:2022. Realización de ensaios mecánicos de madeira

	contralaminada de flexión, esforzo cortante de rodadura e delaminación; todo eles segundo UNE EN 16351:2021. Realización de ensaios mecánicos de taboleiros derivados da madeira, segundo UNE EN 312:2010, UNE EN 636:2012+A1:2015 e UNE EN 300:2007. Avaliación de produtos estruturais de madeira mediante métodos non destrutivos con metodoloxía sónica#	
Retribución bruta mensual	1.914,85 € <i>Aplicarase o rateo das pagas extraordinarias en 12 mensualidades</i>	
Duración do contrato*	23 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo completo (35 horas semanais) 08:00-15:00 h.	
Categoría laboral	Técnico/a de grado medio de Investigación (II.2)	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS/AS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Diplomado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico ou equivalente		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Arquitecto técnico, enxeñeiro da edificación, ou equivalentes.	30
Ítem nº 2	Experiencia laboral acreditable en avaliación de propiedades mecánicas de madeira estrutural mediante ensaios mecánicos.	15
Ítem nº 3	Formación específica acreditable relacionada coa avaliación de madeira estrutural mediante métodos non destrutivos con metodoloxía sónica.	15
Ítem nº 4	Formación específica acreditable relacionada co cálculo de estruturas de madeira	10
Ítem nº 5	Formación específica acreditable no manexo mecánico de cargas.	5
Ítem nº 6	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os 3 candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

**A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

REFERENCIA DA PRAZA: 2023-PO057.01

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Denominación	Bioeconomía forestal e manexos de auga como revulsivo para a reactivación das comarcas do nordes de Granada <i>Contrato ao abeiro da convocatoria de subvencións para o apoio a proxectos transformadores para a promoción da bioeconomía ligada ao ámbito forestal e á contribución á transición ecolóxica no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU para o exercicio 2023</i> Esta actividade está pendente de dotación orzamentaria polo que a adxudicación e formalización do contrato queda condicionada á existencia de crédito
Centro de Traballo	Escola Politécnica Superior de Enxeñaría
Investigador principal	GUAITA FERNANDEZ, MANUEL

Membros da Comisión Especializada de Selección	Presidente/a: GUAITA FERNANDEZ, MANUEL Secretario/a: ORTIZ SANZ, JUAN PEDRO Vogal: LOPEZ VILLAR, MARIA JOSE	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Tipo de contrato	Contrato asociado á execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia	
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Preparación de probetas para todo tipo de ensaios estruturais normalizados e con acreditación ENAC.	
Funcións a realizar	Clasificación visual de madeira aserrada de frondosas e coníferas segundo UNE 56546:2022 e UNE 56544:2022, e asignación de clase resistente segundo UNE EN 1912:2012/AC:2013. Elaboración de probetas de madeira aserrada para ensaios de flexión, tracción e compresión, segundo EN 408:2011+A1:2012. Preparación de prototipos de madeira laminada con empalme finger-joint segundo UNE EN 14080:2022 e elaboración de probetas para ensaios de flexión segundo EN 408, e de cortante e delaminación nos planos de encolado segundo UNE EN 14080:2022. Preparación de prototipos de madeira contralaminada con finger-joint e elaboración de probetas para ensaios de flexión, esforzo cortante de rodadura e delaminación; todo eles segundo UNE EN 16351:2021. Preparación de probetas de taboleiros derivados da madeira, para ensaios segundo UNE EN 312:2010, UNE EN 636:2012+A1:2015 e UNE EN 300:2007 respectivamente.#	
Retribución bruta mensual	1.823,10 € <i>Aplicarase o rateo das pagas extraordinarias en 12 mensualidades.</i>	
Duración do contrato*	23 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo completo (35 horas semanais) 08:00-15:00 h.	
Categoría laboral	Técnico/a especialista de investigación (III.1)	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS/AS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Bacharel ou técnico, bacharelato unificado polivalente, FP II, FP grao superior, ciclo formativo de grao medio, ou equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Título de FP2 vinculado ao ámbito da madeira	25
Ítem nº 2	Carné de conducir tipo B e C	5
Ítem nº 3	Experiencia laboral acreditable no ámbito da elaboración de probetas de madeira e estruturas de madeira para ensaios estruturais normalizado	25
Ítem nº 4	Formación específica acreditable en prevención de riscos laborais.	10
Ítem nº 5	Formación específica acreditable no manexo mecánico de cargas.	10
Ítem nº 6	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os 3 candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

**A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

TERCEIRO: O prazo de presentación de solicitudes comezou o 29 de decembro de 2023 e rematou o 5 de xaneiro de 2024.

CUARTO: Ás referidas praza ofertadas, concorreu unha solicitude para a praza 2023-PO057.00 e dúas solicitantes para a praza 2023-PO057.01.

QUINTO: O día 11 e 17 de xaneiro publicase a lista provisoria e definitiva admitidos na devandita convocatoria respectivamente.

SEXTO: O artigo 42.6 da Convocatoria de subvencións para o apoio a proxectos transformadores para a promoción da bioeconomía ligada ao ámbito forestal e á transición ecolóxica no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next Generation para o exercicio 2023, indica que *“O proxecto deberá comezar a executarse a partir da data de resolución da convocatoria e non poderá finalizar máis tarde do 31 de decembro de 2025, prórrogas incluídas. Neste sentido, debe entenderse que o inicio de calquera tipo de procedemento para a execución das actuacións incluídas no proxecto debe dar comezo de maneira posterior á resolución da convocatoria para ser financiable”*. A día de hoxe, non se publicou a resolución definitiva de concesión de ditas axudas, polo tanto, a resolución da convocatoria 1/2024 das 2023- PO057.00 e 2023-PO057.01 afectaría ao proceso de xustificación da axuda ao proxecto toda vez que é requisito *sine qua non* a previa adxudicación definitiva da subvención á publicación da convocatoria das prazas.

SÉTIMO: Dado que non está resolta a adxudicación das prazas e que o erro xa non é subsanable, a Universidade estima necesario desistir da convocatoria das prazas de Técnico/a de grado medio de Investigación (II.2) da Actividade **2023- PO057.00** “Bioeconomía forestal e manexos de auga como revulsivo para a reactivación das comarcas do nordes de Granada” e Técnico/a especialista de investigación (III.1) da Actividade **2023- PO057.01** “Bioeconomía forestal e manexos de auga como revulsivo para a reactivación das comarcas do nordes de Granada”, xa que de continuar o procedemento causaríase un grave prexuízo á USC ao non poder imputarse o custos destes contratos ata a resolución definitiva da convocatoria do proxecto.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: A Lei 39/2015 do 1 de outubro, establece no seu artigo 35.1 que serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito os actos que acorden a desistencia pola Administración nos procedementos iniciados de oficio.

SEGUNDO: O desistimiento de oficio por parte da Administración require a xustificación do motivo, de modo que se aclare calquera posible arbitrariedade e se garante que a actuación administrativa estea enfocada ao interese xeral, de conformidade coa xurisprudencia do Tribunal Supremo (sentenzas do 16 abril 1999, RX 1999/4362 do 23 de xuño de 2003, RJ 4413, ou sentenza de 21 de setembro do ano 2006 RX 2006/6437).

TECEIRO: O artigo 84 da devandita lei determina que porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade.

Á vista de todo o anterior, esta xerencia

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Desistir do procedemento de contratación de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i para as prazas de Técnico/a de grado medio de Investigación (II.2) da Actividade **2023- PO057.00** “Bioeconomía forestal e manexos de auga como revulsivo para a reactivación das comarcas do nordes de Granada” e Técnico/a especialista de investigación (III.1) da Actividade **2023- PO057.01** “Bioeconomía forestal e manexos de auga como revulsivo para a reactivación das comarcas do nordes de Granada”, convocado por resolución reitoral do 28 de decembro de 2023 polos motivos expostos nos fundamentos xurídicos desta resolución.

SEGUNDO: Declarar terminado o procedemento administrativo procedendo ao seu arquivo, sen prexuízo da potestade de iniciar un novo procedemento coa mesma finalidade.

TERCEIRO: Notificar esta resolución ás persoas admitidas neste proceso selectivo.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de

conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas

Santiago de Compostela
Resolución do 26/09/2023, DOG 05/04/2023
O xerente,
Javier Ferreira Fernández

TABOLEIRO ELECTRÓNICO

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 25/01/2024 13:17:24.

CSV: 4B2F-F960-4F96-91F8